

Confianza empresarial COMUNICADO

Continúa o optimismo do sector empresarial no segundo trimestre de 2007

O Índice de confianza empresarial segue indicando optimismo por parte das empresas

No segundo trimestre do ano 2007 o tecido empresarial galego volve ser optimista con respecto á marcha das súas empresas, tendo en conta que os indicadores que elabora o IGE poden tomar valores entre -100 e 100, sendo o valor 0 o punto neutral.

Por sectores, a construción pode ser considerada a máis optimista neste segundo trimestre do ano, con 16,9 puntos; o sector de comercio polo miúdo e o resto de servizos presentan resultados moi similares, por riba dos 15 puntos. Por outra parte, dentro do optimismo dos distintos sectores, a industria é a que acadou menor nivel, con 10,2 puntos. Se comparamos estes datos cos obtidos no primeiro trimestre do ano vemos que o sector do comercio polo miúdo incrementa a súa confianza en 2,4 puntos, pero o resto de sectores diminuíron, en concreto 0,8 puntos a construción, 5,6 puntos o resto de servizos e 8,9 puntos a industria.

CONFIANZA EMPRESARIAL. 2ºT/2007

	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto de servizos
IGACE _{IGE}	10,2	16,9	15,3	15,8

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Dificultades indicadas polos empresarios

Entre as dificultades indicadas polos empresarios no segundo trimestre de 2007 no desenvolvemento da súa actividade destaca a escaseza de man de obra, cualificada e non cualificada, que sinalaron o 45,1% e o 12,6% das empresas respectivamente. Pola contra, o 38,6% dos empresarios indicaron que non tiveron dificultades que resaltar no trimestre.

Se comparamos estes resultados cos obtidos no primeiro trimestre do ano temos que salientar o incremento que se produce na escaseza de man de obra cualificada en todos os sectores,

especialmente no sector da construción, indicado por tres cuartas partes do empresariado e no comercio polo miúdo, por case a metade dos responsables das empresas.

DIFICULTADES DAS EMPRESAS. 2ºT/2007

Porcentaxe de empresas:

	%
Escaseza man de obra cualificada	45,1
Escaseza man de obra non cualificada	12,6
Escaseza aprovisionamentos	7,8
Problemas financeiros	10,0
Sen dificultades que sinalar	38,6

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Previsións para o terceiro trimestre de 2007

Máis da cuarta parte dos empresarios consideran que verán incrementado o resultado neto de explotación no terceiro trimestre do ano con respecto ao segundo, e aproximadamente a metade considera que se manterá no mesmo nivel. Cómpre destacar o caso do comercio polo miúdo, no que o 42,3% dos responsables das empresas consideran que aumentarán o resultado neto de explotación; no sector da construción esta porcentaxe sitúase no 30,5%.

Por tamaño das empresas, son as de maior tamaño as que nunha maior porcentaxe consideran que aumentarán o resultado neto de explotación no terceiro trimestre do ano, en concreto máis do 40% das empresas de máis de 100 asalariados, mentres que entre as empresas de ata 9 asalariados a cuarta parte considera que diminuirá este resultado económico.

En canto ao emprego, case tres cuartas partes dos empresarios confían en que se manterá estable no seguinte trimestre. Por sectores, pensan que incrementarán o emprego o 36,5% das empresas no sector do comercio polo miúdo, e o 18,1% das empresas de construción.

Analizando as expectativas sobre os investimentos no sector da construción, en torno ao 30% dos empresarios do sector consideran que aumentarán no terceiro trimestre do ano con respecto ao segundo, e aproximadamente o 10% pensan que diminuirán. No sector da industria, o 17,2% das empresas confían en que se incrementarán os investimentos, e o 71,7% consideran que se manterán estables con respecto ao segundo trimestre do ano. No caso do comercio polo miúdo, tan só o 2% dos responsables das empresas pensan que diminuirá o nivel de investimentos na empresa. Nas empresas do resto do sector de servizos, case o 70% confían en manter os investimentos de xeito similar aos do segundo trimestre do ano.



PREVISIÓNS 3ºT/2007:

Unidade: Porcentaxe de empresas

Incremento Estabilidade Diminución

Resultado neto de explotación:

Industria	24,2	55,6	20,2
Construción	30,5	46,1	23,4
Comercio polo miúdo	42,3	38,8	18,9
Resto de servizos	23,5	53,6	22,8

Emprego:

Industria	10,9	80,9	8,2
Construción	18,1	58,4	23,4
Comercio polo miúdo	36,5	60,7	2,8
Resto de servizos	15,4	77,4	7,2

Investimentos:

Industria	17,2	71,7	11,1
Construción: bens de equipo	31,6	57,9	10,4
Construción: outros investimentos	28,3	61,3	10,4
Comercio polo miúdo	19,7	78,4	1,9
Resto de servizos	21,3	69,2	9,6

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Definicións:

Saldo ponderado: Diferencia entre respostas de tipo “aumenta” e respostas de tipo “diminúe” a unha pregunta, debidamente ponderadas segundo a importancia da empresa que dá a resposta.

IGACE: Indicador sintético elaborado a partir do promedio de saldos ponderados de preguntas.

Resultado neto de explotación: diferenza entre ingresos e gastos (unha vez considerados os impostos) orixinados polo desenvolvemento da actividade que constitúe o obxecto principal da empresa, e aquelas outras que se realizan regularmente, de modo secundario ou accesorio a aquela.

Emprego: persoas que mediante contrato traballan para a empresa a cambio dunha remuneración.

Investimentos: adquisición de activos fixos por parte dunha unidade produtiva para ser utilizados na produción por un período de tempo superior a un ano.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.eu>